



Nin reforma das pensións nin reforma laboral

O diñeiro público para axudar aos desempregados e as familias traballadoras, non para salvar a banca



¡Os sindicatos deben convocar unha folga xeral para que o goberno rectifique!

A proposta do goberno de atrasar a idade de xubilación ós 67 anos e aumentar os anos para ter dereito a pensión e para calcular o seu importe, xunto coa súa decisión de impor unha nova reforma laboral para abaratar o despedimento, supoñen un grave ataque ó conxunto dos traballadores e as súas familias. Estas medidas lesivas contra os intereses da maioría da poboación contrastan cos máis de 150.000 millóns de euros que o goberno regalou á gran banca, e que non serviron para facilitar créditos baratos a quen os necesita de verdade, senón para engrosar os seus beneficios, animar a especulación bursátil e repartir salarios e plans de pensións multimillonarios para os membros dos seus consellos de administración.

O goberno tamén aprobou un duro plan de axuste orzamentario (50.000 millóns en tres anos) que significará menos cartos para o ensino, a sanidade e os servizos sociais públicos. En definitiva, o goberno do PSOE pegou un brusco xiro na súa política económica, cedendo ás presións do CEOE e da banca.

CRISE CAPITALISTA

A clase obreira está sufrindo as consecuencias da crise económica do capitalismo. Despois de anos de especulación inmobiliaria e financeira, de beneficios estratosféricos das empresas e a gran banca, de baixos salarios, precariedade no emprego, privatizacións e ataques contra os servizos públicos, a economía capitalista entrou en recesión. Os gobernos de todo o mundo preocupáronse nos dous últimos anos de salvar á banca, inxectándolle billóns de euros, de maneira que a débeda pública e o déficit do

Estado disparáronse en moitos países. Agora, eses mesmos gobernos pretenden sortear as dificultades adoptando medidas de austeridade para que os traballadores e as súas familias paguen aínda máis duramente os efectos dunha crise da que non somos responsables.

O aumento salvaxe do desemprego, que no caso do Estado español supera xa os catro millóns de desempregados, é a expresión máis dramática desta situación. Máis dun millón de familias traballadoras teñen todos os seus membros desempregados, e o desemprego acada a taxa do 40% entre os mozos menores de 25 anos. Neste período, os empresarios tentaron manter a toda costa a súa taxa de beneficios recortando salarios, despedindo masivamente e aumentando os ritmos dos traballadores que permaneceron nos seus postos. Esta é a maneira que teñen de afrontar a crise e, lamentablemente, contaron co respaldo dos poderes públicos nesta orxía de destrución de emprego.

GOBERNAR PARA OS TRABALLADORES OU PARA OS EMPRESARIOS

O goberno do PSOE chegou ó poder polo voto de millóns de mozos e traballadores. Despois do pesadelo que significaron os gobernos do PP, a posibilidade de que un goberno de esquerdas cambiase as cousas e fixese unha política en beneficio da maioría da poboación espertou moitas esperanzas. Pero esas esperanzas estanse vendo defraudadas.

O goberno do PSOE non pode servir a dous amos a un tempo. Se se acepta a lóxica do capitalismo, non queda

máis remedio que seguir a ortodoxia do sistema. Non dubidamos de que Zapatero queira unha maior xustiza social, pero, dado que carece dunha alternativa autenticamente socialista e non quere apoiarse na mobilización dos traballadores, finalmente ten que ceder e plegarse ás presións do CEOE, a banca e o FMI. Ademais, con estas concesións, o PSOE está abrindo as portas para que o PP gañe as próximas eleccións, provocando a desmotivación do electorado de esquerdas, a clase obreira e a mocidade.

A PAZ SOCIAL ENVALENTONOU Á PATRONAL

Desde que empezou a recesión, tanto o goberno como os dirixentes sindicais de CCOO e UXT o fiaron todo a unha recuperación milagreira da economía que permita a volta á “normalidade”. Para tal fin, os líderes de CCOO e UXT empeñáronse en manter a paz social, aceptando a sinatura de miles de EREs, tragando con rebaixas de salarios, perda de dereitos e evitando unificar as loitas que se deron en numerosos sectores da clase obreira. Pero a experiencia demostrou que os sacrificios dos traballadores non serven para saciar as esixencias da patronal e da banca. Despois de anos de privacións, agora queren máis, queren o despedimento libre, acabar coa negociación colectiva, eliminar a tutela xudicial sobre as condicións laborais... queren acabar con todas as conquistas históricas do movemento obreiro.

As concesións que se fixeron, e foron moitas, son agora premiadas cunha reforma das pensións inaceptable e unha reforma laboral que abarataría o despedimento e debilitaría a negociación colectiva. Por iso, no medio destes ataques, o pacto salarial (ANC 2010-2012) asinado polas direccións sindicais coa CEOE supón máis do mesmo e é un grave erro. Con este acordo non só se aceptan perdas de poder adquisitivo dos salarios (a subida pactada para este ano será de “até o 1%”) e que a cláusula de revisión sexa trienal, senón tamén unha cláusula de descolgue que abre a porta a que as empresas poidan incumprir o aumento salarial pactado. Os feitos son teimudos: de manterse a estratexia das direccións das CCOO e UXT producirase un maior debilitamento dos sindicatos e aumentará o envaletonamento da CEOE.

HAI QUE ORGANIZAR A FOLGA XERAL

Os compañeiros Toxo e Méndez viñeron argumentando que “non hai ataques” que xustifiquen unha folga xeral, como se o desemprego masivo, os recortes sociais ou a presión para baixar os salarios non fosen ataques. Pero agora xa non queda nin sequera a escusa formal. Os ataques están sobre a mesa, e non fixeron máis que empezar.

É hora de cambiar o rumbo. Fai falta unha estratexia sindical combativa que dea vía e perspectiva á enorme forza que ten a clase obreira.

A reforma das pensións e a reforma laboral requiren dos dirixentes sindicais unha resposta clara e proporcionada á gravísima ofensiva que está en ciernes. As manifestacións de finais de febreiro son positivas, pero insuficientes. Os dirixentes sindicais deben rexeitar todos os ataques que están enriba da mesa. Saír á rúa contra a reforma das pensións, ó mesmo tempo que se asina un pacto coa CEOE que non defende o poder adquisitivo dos salarios e non se é belixerante contra a reforma laboral que se proxecta, crea confusión entre os traballadores e dá vantaxe á patronal. Os ataques son globais e a resposta ten que ser tamén global. Por iso, esas manifestacións deben ser o primeiro paso para preparar unha folga xeral que abra a perspectiva dunha mobilización unificada e sostida no tempo da clase obreira. Unha folga xeral que non ten como obxectivo facer caer o goberno do PSOE, senón obrigarlle a rectificar e adoptar medidas en beneficio da maioría da poboación, empezando por que o diñeiro público non se regale á banca, senón que se utilice para apoiar aos desempregados e ás familias obreiras.

Só coa loita e a mobilización defenderémonos da crise. Ese é o camiño que iniciaron os traballadores gregos e portugueses, sometidos a unha ofensiva semellante á que padecemos aquí. Os dirixentes sindicais de CCOO e UXT deben anunciar xa a Folga Xeral e poñerse mans á obra realizando asembleas en todos os centros de traballo, para discutir unha plataforma reivindicativa que solucione os nosos principais problemas:

- Xubilación ós 60 anos co 100% do salario e contratos de relevo.
- Oposición tallante a calquera reforma laboral. Recuperación da dignidade e a estabilidade no emprego. Non ás rebaixas salariais, recuperación do poder adquisitivo.
- Por un subsidio de desemprego indefinido para todos os desempregados até encontrar un posto de traballo, igual a un SMI de 1.100 € e a condonación das súas débedas hipotecarias. Xornada laboral de 35 horas semanais por lei e sen redución salarial, para repartir o emprego existente entre todos os traballadores.
- Nacionalización das empresas en crise, sen indemnización e baixo o control dos traballadores e as súas organizacións, para salvar todos os empregos.
- Nacionalización da banca e os monopolios sen indemnización e baixo control obreiro, o que permitiría poñer en marcha grande programas de investimento público en infraestruturas, vivenda, educación e sanidade públicas.

Este é o sindicalismo que os traballadores necesitamos neste momento, este é o sindicalismo que deberían estar practicando os nosos sindicatos. Organízate cos traballadores e sindicalistas marxistas de EL MILITANTE e loita connosco para facelo realidade.

Basta de agresións contra a clase obreira! Que a crise a paguen os capitalistas!

Compostela: 679 500 266 • Coruña: 600 810 516 • Ferrol: 626 746 950 • Vigo: 636 217 248

www.elmilitante.net • elmilitante@elmilitante.net